



Acta núm. 04/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 23 de febreiro de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebra Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 23 de febreiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2021, DO 09.02.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 5º) DEVOLUCIÓN DE ICIO.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2021, DO 09.02.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 09.02.2021, acta núm. 03/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Luís Sampedro Bouzas, que di actuar en representación de COMERCIAL BASTAVALES SC, na que comunica que vai reparar o pavimento da parcela privada sita en San Salvador 17, San Salvador, substituindo as baldosas en mal estado por baldosas novas.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 7724104NH2472N0001TY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

O Sr. Concelleiro José Luís Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISABEL MATEO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai pintar o interior de dous locais situados na Urbanización Balneario do Tremo núm. 3, portal 6, Os Ánxeles, dunha superficie aproximada de 144 m². Trátase dunha obra de escasa entidade técnica e construtiva.

A edificación atópase nun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,71 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,28 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche de pedra existente, de 12 metros de lonxitude aproximadamente, en Fonte Paredes 17, Ons, consistente na limpeza e encintado do mesmo. O peche sitúase en contacto coa vía pública a menos de 4 metros do eixo do vial.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 1590307NH2419S0001LJ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e atópase a menos de 20 metros do Cruceiro de Pazos, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, clave OC2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,57 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁNGEL GÓMEZ CAO, na que comunica que vai construír un peche de 83 metros de lonxitude aproximadamente, parte en contacto coa vía pública, con bloque de formigón coloreado visto e arame por enriba, e colocar un portalón de acceso, en Pérros 5, Os Ánxeles.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 7139216NH2474S0001FW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche do fronte da parcela situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.

.- A altura máxima do muro de bloques será de 1,20 metros e a altura total do peche será máximo de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,42 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS LEIRA LODEIRO, na que comunica que vai executar as seguintes obras en Babenzo, Bastavales:

.- Construír un peche de parcela con muro de formigón, postes e arame, nos lindes oeste e sur da parcela, sen estar en contacto coa vía pública.

.- Facer un movemento de terra no sur da parcela.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 7920419NH2472S0001BF) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras de peche, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche do linde oeste rematará a 5,50 metros do eixe do vial.

.- A altura máxima do muro de formigón será de 1,20 metros e a altura total do peche será máximo 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Non autorizar as obras do movemento de terras, posto que o artigo 26.d) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, contempla que non é compatible en solo de núcleo rural os movementos de terra que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 88,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 152,87 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SEVERINO DOPAZO CAAMAÑO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Soigrex 34, Bastavales, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 7415705NH2471N0001OS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,51 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 162,08 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMONA FREIRE HERMO, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda de Estrar 27, Os Ánxeles, substituíndo o alicatado do baño e da cociña.

A parcela na que se van realizar as obras (referencia catastral 7039404NH2474S0001KW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 84,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 149,27 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MÓNICA CIVES ARIAS, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Cirro 25, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local do 06.06.2018, concedeulle licenza de obra maior a Mónica Cives Arias, para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 25, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Óscar López Alba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.03.2018 e documentación complementaria visada o 02.04.2018, 15.05.2018 e 23.05.2018 e a documentación presentada o 16.04.2018 (r.e.1479).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Óscar López Alba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.12.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARTA GÓMEZ SÁNCHEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 49, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 25.06.2019, concedeulle licenza de obra maior a Marta Gómez Sánchez para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 49, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 13.06.2019 (expte nº 1903151).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o 15.12.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARÍA TERESA OREIRO GARCÍA, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 48, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 25.06.2019, concedeulle licenza de obra maior a María Teresa Oreiro García para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 48, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.05.2019.

A Xunta de Goberno Local do 27.10.2020, aprobou a modificación da licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 25/06/2019, para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 48, Bastavales, segundo o "Modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar" redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.07.2020 (n.r.e. 1902687).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o 17.12.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 358,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 25,84 euros.

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 481,67 euros.

CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERROS.

a) Detectáronse varios erros na concesión da licenza de segregación outorgada a MANUEL OLIVEIRA IGLESIAS, MANUELA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARCOS LINO RODRÍGUEZ E JULIA TRONCOSO GONZÁLEZ, pola Xunta de Goberno Local o 26/01/2021, para segregar cinco parcelas en Guldrís, Brión, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) visado núm. 918/20.

Comprobadas as parcelas resultantes da segregación pretendida, existen varios erros materiais nos lindes das parcelas resultantes denominadas: parcela de cesión, parcela segregada B e resto de finca de agregación.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de oficio, acorda:

1º) Rectificar os erros materiais advertidos no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

Parcela de cesión:

Superficie: 178 m².

Lindes:

Norte: finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias e parcela segregada C procedente desta segregación (na porción maior), pista local asfaltada (na porción mediana) e outra finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: pista local asfaltada (na porción maior), camiño da zona urbana de Guldrís e resto da finca de agregacións resultante desta segregación (na porción mediana) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción mediana).

Leste: finca 911 de Concentración Parcelaria, de Manuel García Martínez e parcelas segregadas A, B e C resultantes desta segregación (na porción maior) e pista local asfaltada (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Oeste: pista local asfaltada (na porción maior) e resto da finca de agregacións resultantes desta segregación (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Debe dicir:

Parcela de cesión:

Superficie: 178 m².

Lindes:

Norte: finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias e parcela segregada C procedente desta segregación (na porción maior), pista local asfaltada (na porción mediana) e outra finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: pista local asfaltada (na porción maior), camiño da zona urbana de Guldrís e resto da finca de agregacións resultante desta segregación (na porción mediana) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción **pequena**).

Leste: finca 911 de Concentración Parcelaria, de Manuel García Martínez e parcelas segregadas A, B e C resultantes desta segregación (na porción maior) e pista local asfaltada (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Oeste: pista local asfaltada (na porción maior) e resto da finca de agregacións resultantes desta segregación (tanto na porción mediana como na porción pequena).



Onde di:

PARCELA SEGREGADA B:

Superficie neta: 808 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela segregada A resultante desta segregación.

Sur: parcela segregada C resultante desta segregación.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Debe dicir:

PARCELA SEGREGADA B:

Superficie neta: 808 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela segregada A resultante desta segregación.

Sur: parcela segregada C resultante desta segregación.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

"Polo Noroeste, está atravesada por unha presa de auga en dirección Norte-Oeste".

Onde di:

RESTO DE FINCA DE AGREGACIÓN:

Superficie neta: 717 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: pista local asfaltada (na porción maior) e finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: camiño da zona urbana de Guldrís (na porción maior) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Leste: pista local asfaltada e terreo que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Oeste: horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (tanto na porción maior como na porción menor).

Debe dicir:

RESTO DE FINCA DE AGREGACIÓN:

Superficie neta: 717 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as **áreas consolidadas** pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: pista local asfaltada (na porción maior) e finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: camiño da zona urbana de Guldrís (na porción maior) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).



Leste: pista local asfaltada e terreo que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.
Oeste: horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (tanto na porción maior como na porción menor).

QUINTO.- DEVOLUCIÓN DE ICIO.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ADOLFO MIGUEL PAN AÑÓN, na que solicita a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se corresponde pola redución do orzamento inicial da construción dunha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador.

ANTECEDENTES:

1) A Xunta de Goberno Local do 09/05/2018, concedeulle licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/04/2018 e documentación complementaria visada o 17/04/2018.

2) Por resolución da Alcaldía do 15/05/2018 aprobouse a seguinte liquidación provisional do ICIO: 4.118,53 €.

3) A Xunta de Goberno Local do 25/09/2018, aprobou a modificación da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/07/2018.

As modificacións consistiron na redución da superficie da planta soto e no cambio de situación da rampla de acceso ao garaxe, o que implica o seguinte:

- A superficie construída inicial de 564,28 m² variase a 528,82 m².

- O orzamento inicial de 205.926,58 € variase a 179.536,97 €, como consecuencia da redución da superficie construída.

- Non se modifica a ocupación porque non se modifica a superficie da planta baixa.

- Non se modifica a edificabilidade porque se reduce a superficie construída do cuarto de instalacións en planta soto, que non computa edificabilidade.

Non se practicou nova liquidación do ICIO.

4) A Xunta de Goberno Local o 27/10/2020, concedeulle a Adolfo Miguel Pan Añón, licenza de primeira ocupación para a vivenda de Cirro 26, San Salvador e aproba liquidación da taxa pola licenza de primeira ocupación por importe de 129,14 €.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola interventora municipal na que pon de manifesto que o custe real e efectivo é o que figura no proxecto modificado visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/07/2018, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a liquidación definitiva do ICIO deste expediente por importe de 3.590,74 euros, debendo reintegrar ao interesado a cantidade de 527,79 euros.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González